

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás trece horas do día dezasete de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta os expedientes de contratación remitidos a esta Alcaldía que se relacionan a continuación, os cales xustifican a convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, polos motivos que igualmente se xustifican:

- Expediente nº **2019/C006/000003** de prórroga do contrato para a suscripción dunha póliza de responsabilidade civil xeral), que o Concello ten contratado coa entidade "Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A." A urxencia motívase no próximo vencemento o vindeiro día 31/01/2021 da póliza subscrita, así como na necesidade de dar cumprimento ao prazo de preaviso para o acordo de prórroga que se establece na cláusula IV do contrato, cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do cadro de Características do contrato.

- Expedientes nºs **2020/C002/000194** (mellora parques infantís) e **2020/C002/000076** (renovación válvulas reductoras), trátase de obras todas elas de urxente execución, que deben comezar coa maior brevidade, ao afectar á seguridade dos veciños (tendo en conta, no caso dos parques infantís, a inminencia das vacacións escolares, e no das válvulas reductoras que estas son as encargadas de regular a presión que leva a auga ata as vivendas e o seu mal funcionamento pode supor problemas de rotura tanto na rede xeral como nas instalacións interiores das vivendas ou problemas de estanqueidade dos inmobles nun período de abundantes choivas).

- Expediente nº **2020/C002/000228**, (adquisición de lotes de produtos da Nadal para familias en situación de emerxencia), motívase a urxencia na necesidade de dar cobertura ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre, toda vez que o seu obxecto consiste en garantir a cobertura das necesidades básicas de alimentación das familias perceptoras de axudas sociais municipais de emerxencia social, entregándolles un

total de 220 lotes de produtos típicos de Nadal para complementar os alimentos que desde o Concello de Cambre se lle reparten ás familias en situación de emerxencia social por estas datas, e tendo en conta a inminencia das festas navideñas e o prazo necesario de cinco días para a subministración e entrega dos produtos, posibilitando deste xeito que os reciban antes do día 24 de decembro.

Por todo isto, considero adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Prórroga á anualidade 2021, do contrato para a suscripción dunha “Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre”. Expediente: 2019/C006/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C006/000003, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinteito de xaneiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A.” a contratación dunha “Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre”, asinándose o correspondente contrato coa entidade con data do 31/01/2020.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do cadro de Características do contrato, este ten un prazo previsto de execución de un ano dende a efectividade da póliza, que terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2020 ata as 24:00 horas do día 31/1/2021 incluídos, puidendo prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas, (dende as 00:00 horas do 01/02/2020 ata as 24:00 horas do 31/01/2023).

Visto o escrito presentado con data do 2 de outubro de 2020 e rexistro de entrada ao número 202099900003235, por dona Olga Robla Rozas, en representación da entidade ARTAI- Correduría de Seguros S.A, entidade mediadora co concello de Cambre, no que se solicita a prórroga do contrato para o ano 2021, e achega informe emitido o 1/10/2020 polo director da citada correduría, don Juan Manuel Sánchez-Albornoz Gómez, no que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 21 de outubro polo xefe de Rexime interior en funcións, no que consta que o adjudicatario cumpriu de maneira satisfactoria o seu traballo, polo que non existe ningún inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 01/12/2020, e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número 428/2020 e data do 15/12/2020.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA", con CIF A2814**** e domicilio na rúa Nava, 18, C.P. 33006, Oviedo (Asturias,) para a suscripción dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre" (Expediente 2019/C006/000003), polo que a efectividade da póliza prorrogada terá efectos dende as 00:00 horas do 01/02/2021 ata as 24:00 horas do 31/01/2022).

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro : Notificar aos departamentos municipais de Rexime interior, Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de adxudicación do contrato para a "Substitución de válvulas reductoras en rede de abastecemento", á entidade ABN Pipe Abastecementos, S.A. no prezo ofertado de 14.582,75 € sen IVE, 17.645,13 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000076.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 28/10/2020 elabórase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal a “Memoria valorada” para a “Substitución de válvulas reductoras en rede de abastecemento”, cun orzamento base de licitación de 14.620,00 € sen IVE, 17.690,20 € IVE incluído.

Con data do 29/10/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro de Urbanismo e obras e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se incorpora a Memoria Valorada antedita, e se motiva a necesidade da subministración que, con data 19 de maio de 2020 a empresa Augaservi S.L. presenta informe no cal fai constancia de que durante os traballos de mantemento da rede de abastecemento decatouse do mal funcionamento dalgunhas válvulas reductoras de presión. Estas válvulas son as encargadas de regular a presión que leva a auga ata as vivendas e o seu mal funcionamento pode supor problemas de rotura tanto na rede xeral como nas instalacións interiores das vivendas. O concello ten en toda a rede de abastecemento unhas 27 válvulas reductoras, na actualidade propónse a substitución de 17 ao ser as que presentan un mal funcionamento e non poder ser reparadas, e que teñen mais de 15 anos, polo que a súa vida útil está esgotada.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta subministración.

Con data 05/09/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 161 61900, (Inversións reposición infraestructura auga potable), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 06/11/2020 emítase informe asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.
- FERRECAL S.A.
- SALTOKI A CORUÑA, S.L..

E que presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

| Empresa | Oferta sen | Oferta IVE incluído |
|--------------------------------|-------------|---------------------|
| ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A. | 14.582,75 € | 17.645,13 € |

Formulando proposta de adxudicación da “Substitución de válvulas reductoras na rede de abastecemento”, á empresa ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A. con NIF A1514****, domicilio na estrada Baños de Arteixo, 28, Parque empresarial A Grela 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 14.582,75 € sen IVE, 17.645,13€ IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera

empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 3 de decembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 413/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 7 de decembro de 2020.

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal con data 14 de decembro de 2020, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1946/2020 de data 14/12/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, contempladas no artigo 25.2. c) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a Memoria Valorada asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal para execución da actuación de “Substitución de válvulas reductoras en rede de abastecemento”, cun orzamento base de licitación de 14.620,00 € sen IVE, 17.690,20 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 161 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000076, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato menor correspondente á obra de “Substitución de válvulas reductoras en rede de abastecemento”, á empresa ABN Pipe Abastecementos, S.A. con NIF A151****, domicilio en Crta. Baños de Arteixo 28, Parque Empresarial A Grela - 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 14.582,75 € sen IVE, 17.645,13 € IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Désígnase como directora da obra e responsable do contrato a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º.- Proposta de adjudicación do contrato para a “Mellora dos parques infantís da Igrexa de Cambre e O Barco do Temple”, á entidade Jarnidería Arce, S.L. no prezo ofertado de 39.900,00 € sen IVE, 48.279,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000194.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 21/10/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a concelleira-delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá e pola concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se incorpora a Memoria Valorada, cun orzamento base de licitación de 39.968,43 € sen IVE, 48.361,81€ IVE incluído, e se motiva a necesidade da obra denominada “Mellora dos parques infantís da Igrexa de Cambre e O Barco do Temple”, co fin de cumprir coa normativa de seguridade en materia de parques, eliminando a su vez os perigos existentes na actualidade, e tendo en conta que son parques con moita demanda de uso que na actualidade non cumpren coas medidas de seguridade. As actuacións consisten basicamente na reparación dos xogos existentes, a substitución dalgún xogo que non pode ser reparado debido ao seu estado actual, e a reposición do pavimento de seguridade dado que, debido ao envexecemento deste, perdeu propiedades de amortiguación, deixando de cumprir os parámetros de seguridade.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta obra.

Con data 22/10/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal, de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 171 61900, (Outras inversións, reposicións, parques e xardíns), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adjudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 06/11/2020 emítase informe asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- JARDINERIA ARCE S.L.
- CONTORNA TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.

- SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS S.L.U

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

| Empresa | Oferta sen | Oferta IVE incluído |
|---------------------------------------|-------------|---------------------|
| CONTORNA TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L | 39.968,00 € | 48.361,28 € |
| SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS S.L.U | 39.968,43 € | 48.361,81 € |
| JARDINERIA ARCE S.L. | 39.900,00€ | 48.279,00 € |

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de “Mellora dos parques infantís da Igrexa de Cambre e o Barco do Temple”, á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. con NIF B1554****, domicilio en calle Manuel Murguía 4-6, entresollado, A Coruña, no prezo ofertado de 39.900,00 € sen IVE, 48.279,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 400/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de novembro de 2020.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 30 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2. l) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a Memoria Valorada asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal para execución da actuación de “Mellora dos parques infantís da Igrexa de Cambre e O Barco do Temple” cun orzamento base de licitación de 39.968,43 € sen IVE, 48.361,81€ IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000194, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Mellora dos parques infantís da Igrexa de Cambre e o Barco do Temple", á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. con NIF B1554****, domicilio na rúa Manuel Murguía 4-6, entresollado, A Coruña, no prezo ofertado de 39.900,00 € sen IVE, 48.279,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Desígnase como directora da obra e responsable do contrato a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5º.- Proposta de adxudicación do contrato para a "Adquisición de produtos de Nadal destinados ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre" á entidade MERCARTABRIA, S.A.U no prezo ofertado de 9.241,80 € sen IVE, 10.137,20 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000228

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 27/11/2020 emítense proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola coordinadora de servizos sociais, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da adquisición de produtos de Nadal

destinados ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre, necesaria para garantir a cobertura das necesidades básicas de alimentación das familias perceptoras de axudas sociais municipais de emerxencia social. Debido a crise sanitaria e económica orixinada pola Covid-19 están aumentando exponencialmente o número de familias perceptoras de axudas de emerxencia social, e as necesidades de alimentación ao verse mermados os seus ingresos económicos. Entre estas axudas atópase o chamado vale de alimentos para trocar nos supermercados, que están reservados, fundamentalmente, para produtos alimenticios frescos (froita, verduras e legumes, peixe, carnes, produtos lácteos,...) quedando con moi pouco marxe poder adquirir produtos típicos de Nadal. Estes vales se complementan cos alimentos que se reparten na Despensa Municipal de Alimentos de Cambre que soen responder a produtos non perecedoiros (pastas, arroz, conservas de verduras, carne e peixe, legumes, aceite,...); Os produtos que se reparten na Despensa proveñen de doazóns feitas por parte do Estado, a Unión Europea, Banco de Alimentos Rías Altas e particulares, e rara vez se reciben produtos típicos de Nadal. É por isto, polo que se considera necesaria a contratación dun lote de produtos típicos de Nadal para complementar os alimentos que desde o Concello de Cambre se lle reparten ás familias en situación de emerxencia social por estas datas.

Con data 01/12/2020 asínase polo educador social, don Ricardo Puertas Mosquera e pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, dona Ana María Monje Barcia, a Memoria valorada para a "Adquisición de produtos de Nadal destinados ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre", cun orzamento base de licitación de 9.272,72 euros sen IVE, 10.200,00 euros IVE incluído,

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta subministración.

Con data 26/11/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 231 48000, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 09/12/2020 emítese informe asinado polo educador social, don Ricardo Puertas Mosquera e a coordinadora de servizos sociais, dona Ana María Monje Barcia, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Mercartabria, S.L.U
- Vego Supermercados, S.A.U.
- Autoservicio Vila de Cambre

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

| Empresa | Oferta sen IVE | Oferta IVE incluído |
|----------------------------|----------------|---------------------|
| MERCARTABRIA, S.L.U | 9.241,80 € | 10.137,20 € |
| VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. | 10.200,00 € | 11.174,60 € |

formulando proposta de adxudicación da "Adquisición de produtos de Nadal destinados ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre", á empresa MERCARTABRIA, S.L.U con NIF B1553****, domicilio en Polígono de Piadela, s/n Betanzos, no prezo ofertado de 9.241,80 € sen IVE, 10.137,20 € IVE incluído, por ser a por ser a única empresa que fixo oferta dentro das marxes establecidas no contrato, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor

estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 16 de decembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 443/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 16 de decembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, contempladas no artigo 25.2. e) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada con data 01/12/2020 asinada polo educador social, don Ricardo Puertas Mosquera e a coordinadora de Servizos Sociais municipal, don Ana María Monje Barcia, para a adquisición de produtos de Nadal destinados ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre, cun importe de 9.272,72 euros sen IVE, 10.200,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231 48000.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000228, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Rexeitar a oferta presentada pola empresa "Vego Supermercados, S.A.U.", por exceder do presuposto base de licitación do contrato, establecido en 10.200,00 euros IVE incluído (9.272,73 euros sen IVE), sendo a oferta presentada pola empresa de 11.174,60 euros IVE incluído e 10.200 euros sen IVE e, polo que procede a aplicación do artigo 84 do R.D. 1098/2001 do 12 de outubro (Regulamento xeral da lei dos contratos das Administracións Públicas), en virtude do cal "*Si algunha proposición ... excedese do presuposto base de licitación,, será refugada pola mesa, en resolución motivada.*"

Quinto : Adjudicar o contrato para a "Adquisición de produtos de Nadal destinados ás familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre", á empresa MERCARTABRIA, S.A.U con NIF B1553****, domicilio en Polígono de Piedadela, s/n Betanzos, no prezo ofertado de 9.241,80 € sen IVE, 10.137,20 € IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta sen exceder do presuposto base de licitación do contrato, cumprindo cos requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas particulares.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.



Setimo: Désígnase como responsable do contrato ao educador social, don Ricardo Puertas Mosquera, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese a don Ricardo Puertas Mosquera, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia